

OS TRASNOS



Trasnos son os “duendes” de Galicia. Falamos deles, coma un duendecillo doméstico carente de poder facer dano, salvo asustar con sons misteriosos nas casas, con portazos...

A expresión “*cousas de trasnos*” usámola para cando acontecen feitos inexplicables e a de “*facen trasnadas*” para referirse ás travesuras que adoitan facer os nenos e as nenas que son tan características destes seres.

OS TRASNOS E O SEU ASPECTO

Estes pilluelos poden adoptar moitas formas e descríbense de moitos xeitos pero a maioría das veces son pequenas criaturas con cornos, barba e gorro vermello.

Son moi pequenos, delgados, ollos de lume cun buraco na man e unllas moi longas.

OS TRASNOS E OS SEUS COSTUMES

Son moi bromistas, pero non son malos: esconden utensilios de cociña cando a familia durme, derraman o leite, fan ladrar os cans, dan portazos...pero si se lles tratan ben, arranxan todo, colocando as cousas no seu lugar.

De espírito inquieto, non abandonan a casa onde habitan a menos que os humanos se trasladen de residencia, entón eles tamén se van.

“xa que todos vais de casa mudada, tamén veño eu coa miña gorra encarnada”

As veces, os trasnos saen ao exterior a realizar as suas travesuras; a finalidade é sempre a mesma, gastarlle unha broma pesada a un humán.

Tamén axudan coas tarefas domésticas e para votalos recomendan que lles mandes facer unha tarefa imposible para que se frustren e se vaian.

Resulta que os trasnos só saben contar ata dez, ou, nalgunhas historias, ata cen. Por iso, podes entretelos coa seguinte estrataxema: deixas na casa un prato cheo de grans de calquera tipo de cereal, lentellas, xudías ou calquera alimento similar. O trasno non poderá resistir a tentación de comezar a contalos, algo imposible polo burato que ten na man. Frustrado e enfadado, acabará saíndo da casa.

Así mesmo, sentirase humillado e enfadarase se lle dan roupa, un insulto terrible que fará que desapareza para sempre da casa.

É case imposible velos, porque, aínda que fan travesuras son moi tímidos e mesmo poden facerse invisibles á vista dos adultos pero non para os nenos e nenas e os animais que sí poden velos.